

A fin das especies

Cristina Pavón

Semella non haber máis propósito na variabilidade dos seres vivos e na acción da selección natural que na dirección na que sopra o vento.

Charles Darwin, *Autobiografía*.

Eramos dúas amebas, lembras? Creo que nunca fomos tan felices. Xa sei que unha tende a idealizar o pasado, que preferentemente se recordan os feitos ledos e non os tristes, pero aínda así, e facendo un verdadeiro esforzo por ser obxectiva, dime, ti volviches sentir unha alegría tan fonda, unha dita tan completa como cando eramos amebas? Eu non. Ou, aceptando que a memoria o distorsiona todo, polo menos direi que non volvín sentir unha felicidade como o recordo que teño daquela. Acaso porque era o noso primeiro encontro, e todo era novo, desbordante, único. Ou porque eramos unicelulares e non había lugar para dobres intencións, intereses diversos, atencións divididas. Ou porque non era a nosa conciencia o resumo dunha colonia de pequenas conciencias, a voz audible dun gran grupo con toda a súa inevitable disparidade.

Non sei o motivo, só coñezo o feito. Si, sei que cando nos convertemos en corais tampouco estivo mal. Unha comunidade de veciños ben avidos. Que bonitas as postas, verdade, competindo por expulsar o globo máis redondiño, máis leitoso, máis proteínico e con máis futuro. Pero daquela había moitos pólipos máis e non era unha intimidade escollida a nosa, como aquel azar de amebas que tivemos, nun río de montaña. Foi, si, a do coral, unha fermosa experiencia, pero falta da excitación e a novidade e a aventura que xa coñeceramos e que faría que despois todo nos soubese a pouco. Non se pode empezar tan arriba, que queda senón logo. Lembrar. Morrer.

Claro que ese episodio comunal servíume para cando cheguei a estar nun cardume de bocartes, logo de moitas outras encarnacións. Si, daquela puideren dominar a miña inmensa sorpresa ao verme incluído nunha chea de individuos que, malia ser individuos independentes, non deixaban de ir xuntos e manobrar con abraiante e estética sincronía.

Non sei por onde andabas daquela. Feito un bosque, creo, contáchesme unha vez, pero nunca o crin de todo.

Volvémonos atopar cando fuches un morcego e paseábasme polas covas nas que os teus irmáns facían de estalactitas nun soño pétreo que duraba todo o inverno.

- Chúpame o sangue, chúpame -díciate eu, que era unha loba.

E ti :

- Non sexas boba, non somos vampiros, só morcegos.

E fuches tamén un gato miañador e rosmador que mexaba polos recantos da casa e nos bolsos e nos altofalantes e púñalo todo perdido e era un noxo e cansei un pouco de ti e boteiche, vaite por aí de gatas díxenche, e elas miañaban afogando de desexo e ti fuches, fuches, e volviches rabuñado e mordido. E fuches unha vaca que se tombaba no prado a pacer tranquila ata que un tabán, eu, picábate, e enfadábaste e saías correndo. E fuches, antes de todo iso, unha ameba, unha ameba pequena da que eu, outra ameba, me fixen amiga e xuntas riámonos dos paramecios, bacterias e outros unicelulares insulsos que poboaban o noso hábitat, un regato de montaña no que pululabamos por distintas revoltas, pozas e breves remansos. E fuches tamén, e iso foi do que máis che gustou, un roedor, un roedor multiforme, un esquío pequeno, vivo e de cola longa que ondulaba entre as copas dos piñeiros, saltabas coma un tolo de copa en copa, comías piñóns nervioso e ledo e tiñas o pelo vermello do ton caoba máis bonito que eu vira, eu que era unha marmota colgada dunha rama, coagulada, mirábate pasar en frenéticas carreiras e a túa actividade namoroume. Fuches tamén un hámster, acumulador de pipas e froitos secos primeiro nos boches e logo nos teus múltiples tobos, os teus ollos brillantes redondos e escuros mirábanme cómplices como se dixesen, lembras cando fomos lagartos, eh, aquel sangue frío que había que quentar ao sol, aqueles movementos rápidos pero que viñan da noite dos tempos? E cando eu fun golfiño? Eu leveite cando fun golfiño, ti eras unha medusa e os nosos sistemas nerviosos parecían non ter nada que ver pero no brillo da túa corola xelatinosa, na ondulación dos teus tentáculos ferintes eu lin o amor, estraño código, e xoguei contigo como cunha pelota vivente, recordáchesme os meus tempos de ourizo de mar, de bicho de poucas palabras, pouco expresivo, pero tanta emoción había nas miñas púas cando me rozabas, canto amor na miña zona periproctal cando co teu tentáculo lura sexual me facías cóxegas...

Como te recoñecía sempre? Que pregunta! Ti eras o que me facía feliz.

E hoxe, por fin, que a evolución nos fixo coincidir na mesma especie, sexo complementario e celo simultáneo, imos conseguir que a nosa convivencia ao longo dos milenios teña un novo episodio, e cando o meu corpo monte o teu e compoñamos unha figura espectacular e un tanto aparatosa na sabana, sentiremos por uns momentos aplacada a nostalxia de ser uns seres unicelulares.